

## NOTA DE PRENSA

### XXIII CERTAME INTERNACIONAL DE REGUEIFAS

SÁBADO DÍA 2 DE XANEIRO, ÁS 18,30 HORAS NO AUDITORIO DO CENTRO VECIÑAL DE VALLADARES

Continuando co Certame iniciado o pasado día 27 de decembro, toca escomenzalo o ano coas actividades complementarias que xiran orredor das características que distinguen as Regueifas, como poden ser, a oralidade, a rima, o enxeño, a controversia, a improvisación, a retransmisión,... é así, que para explorar o vencello con outras disciplinas, convidamos a un grupo de recoñecidos artistas do País, que nos amosarán o seu bo facer nas súas respectivas especialidades, como poden ser:

- **LARA DO AR (LARA DOMÍNGUEZ)** é o nome desta intérprete, tradutora, profesora da Universidade de Vigo, poeta e amante da Regueifa, nacida no barrio vigués das Travesas, que xa conta cunha notoria traxectoria como activista poética en distintos frentes, dende o slam, ata a Regueifa feminista.

Como entusiasta do recitado ao vivo que é, ímola aproveitar de presentadora, a vez que imos a escoitar como declama acompañándose do piano, unha presada de poemas do seu libro “Órbita”, publicado por Xerais antes da pandemia e que, desgraciadamente, non puido presentar, practicamente, en ningures. As críticas literarias dín que nel mostra un asombroso dominio da linguaxe.

- **SAMUEL L. PARÍS:** Dende a Ría de Muros, aínda que residente na Coruña, chega este Filólogo (Galego- Hispánico), con pasado de traballador nunha librería–mercería noruega, de baixista de “Terbutalina” e de central sachador pola liga de Fútbol rexional, ao que tamén lle deu tempo de escribir “Manual de destrucción” (2008), “Inflamable” (2012) Internacional de Poesía Anarquista, entre outras obras e de realizar outras actividades arredor da literatura, como levar un blog, facer traducións,... recitar en numerosos festivais,...

“Hecatombe” é o seu derradeiro libro, publicado por Ed. Positivas, que ó igual que lle pasou a Lara, ó ser publicado a principios de ano, non puido presentalo en casique ningures, por iso, a súa presenza entre nos, ten o mérito engadido da exclusividade en Vigo desta forza da natureza, que por hábitat natural ten o entarimado dun escenario e que nos engaiolará a todos coa súa posta en escea.

- **8 MM. TEATRO:** O Grupo xurdiu nos inicios do 2013, como residente na sala Marrucho, de Baiona, pola necesidade de buscar un formato diferente, tanto para o artista como para o público. Partindo daí participan en diversos festivais teatrais e xiran por numerosas salas galegas, estando especializados na actualidade na improvisación escénica, ata o punto de que teñen artellado encontros internacionais do xénero.

Para nos van a facer unha, impro ó chou!, que xa é o colmo da actuación sen rede, veremos o que nos argallan estas fenómenos de sacar coellos da gorra e de aproveitarse do traballo das espectadoras, porque mañas e técnicas non lles faltan, coñécenas dabondo, para, sobre a nada, montar unha situación que xenere gargalladas entre os presentes, por medio de: interrogatorios, historias cronometradas, declaracións de amor, vidas en paralelo e contos que escomezan polo final, ademáis, adobadas con acompañamento musical.

#### **CARLOS MEIXIDE:**

Dende a Ría de Vilagarcía, pero con residencia en Compostela, vennos este escritor, xornalista, humorista e guionista, que ten feito de todo no sector audiovisual, literario e do espectáculo e que ten a virtude de que, practicamente todo o que toca converte en éxito, dende o libro infantil, pasando pola novela xuvenil, editor de si mesmo e doutros, codirixiu curtas e documentais, ata tivo un programa de curtas na TVG e foi un dos integrantes do famosísimo e singular grupo músico-humorístico “Os da Ría”, con varios discos editados. Fai un par de anos gañou o I Premio de Novela do Camiño de Santiago.

Pois ben, hoxe imos a poder escoitalo na súa faceta de monologuista, da que moitos lembrarán a súa performance de xa fai tempo, na que recitaba, de cabeza, o nome de tódolos Concellos galegos, o que da unha idea da súa portentosa memoria e da súa inconmesurable gracia, xa que si é capaz de facer rir con iso, a partires dilo, todo é doado para este portento creativo.

Deste xeito despedirémonos de tódolos apaixonados da palabra oral e improvisada, nas súas diferentes modalidades ata que chegue a edición do ano 2021, que agardamos sexa de novo de balde, ó igual que esta e que se poida realizar sen as restricións pandémicas que padecemos agora.